



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 7 de febreiro de 2024, sobre nomeamento membro da Xunta de Goberno, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co sinalado nos arts. 61.2, 72 e 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e, en virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Nomear membro da Xunta de Goberno ao Deputado Provincial don Carlos López López

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte de febreiro de dous mil vinte e catro.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0591

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE PROFESOR/A DE PERCUSIÓN ASOCIADO A BANDA E ORQUESTRA PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E CONVOCATORIA DUN NOVO PROCESO SELECTIVO.-

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0135 de data 26/02/2024 (corrección de erro por Decreto nº 2024-0140 de data 28/02/2024) resolveuse declarar deserto o proceso convocado por Decreto nº 024-0033 de data 17/01/2024 para a cobertura como funcionario/a interino/a dunha praza de Profesor/a de percusión asociado a banda e orquestra por falta de candidatos/as e efectuar unha nova convocatoria que se rexerá polas bases xa aprobadas por esta Alcaldía mediante resolución nº 024-0033 de data 17/01/2024 e publicadas no BOP de Lugo nº 018 de 22/01/2024.

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Burela, 28 de febreiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0592

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 26 de febreiro de 2024, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2024, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 26 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0593

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 1/2024, de créditos extraordinarios, por un importe total de dezanove mil cincocentos euros (19.500,00 €), primeiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.283.772,11.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.502.798,35.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	24.012,14.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	601.392,26.-
7.- Transferencias de capital.....	9.067,61.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	3.426.085,37.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 27 de febreiro de 2024.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 0594

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 11 de xaneiro de 2024, aprobáronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao **6º bimestre de 2023**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 21 de marzo de 2024 e o 21 de maio de 2024.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-

administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas, os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 28 de febreiro de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0595

O VICEDO

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso**, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 09 de febreiro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para unha **praza de PEÓN-CONDUTOR**, grupo/subgrupo E, nivel 14, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, co seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
GÓMEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	***9921**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do

Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Vicedo, 28 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0596

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria

de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso**, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 09 de febreiro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para unha **praza de LIMPADORA CASA DO CONCELLO E OUTROS (XORNADA 100%)**, grupo/subgrupo E, nivel 14, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, coa seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
SOLLOSO VALE, MARÍA ISABEL	***5314**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Vicedo, 28 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0597

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso**, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 09 de febreiro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para unha **praza de LIMPADORA CASA CULTURA E OUTROS (XORNADA 70%)**, grupo/subgrupo E, nivel 14, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, coa seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
FERNÁNDEZ GARCÍA, MARÍA SOL	***9682**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Vicedo, 28 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0598

Anuncio

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

De conformidade coas “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, **sistema de concurso**, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

Rematado o procedemento de selección por concurso, o día 09 de febreiro de 2024, publicouse na sede electrónica do Concello do Vicedo e no taboleiro de anuncios da entidade a proposta de contratación e a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación realizada polo Tribunal.

De acordo co establecido no punto 14 das bases xerais, a alcaldía resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal e interesadas, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria. E o punto 15 establece que a contratación das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade coas bases, achegou a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

RESOLVO

Primeiro.- Formalizar o contrato de traballo, como persoal laboral fixo do Concello do Vicedo, para unha **praza de PEÓN RECOLLIDA DE LIXO**, grupo/subgrupo E, nivel 14, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, co seguinte aspirante:

APELIDOS E NOME	DNI
CALVO GASALLA, MARCOS	***8335**

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O Vicedo, 28 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0599

VIVEIRO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de

estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **"BIBLIOTECARIO /A (Xornada Parcial)"**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **"BIBLIOTECARIO /A (Xornada Parcial)"** funcionario de carreira.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 27 de febreiro de 2024.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía relativa ao nomeamento do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **"BIBLIOTECARIO /A (Xornada Parcial)"** funcionario de carreira en data 27 de febreiro de 2024.

Vista a base xeral 11, que sinala "(...) 11. PROBA DE GALEGO.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para os grupos A e C: Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase unicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación..."

Vista a base xeral 11.1; 11.2 e 11.3, que sinala "(...)11.1. Citación.

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditaran o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) indicando a data, lugar e hora para a realización da proba de galego, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 hora.

11.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

11.3. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo...

Vista a base xeral 11.6 e 11.7, que sinala “(...)11.6. Criterios de corrección.

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización da proba, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

11.7. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración da proba.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións.

De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite...

Vista a base xeral 12, que sinala “(...)12. BAREMOS DE MÉRITOS

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego...

RESOLVO

PRIMEIRO.-CITAR aos membros do Tribunal e **AOS ASPIRANTES ADMITIDOS NON EXENTOS DA PROBA DE GALEGO** para que comparezan no salón de Plenos do Concello de Viveiro o **VENRES DÍA 08 DE MARZO DE 2024, ÁS 08:30 HORAS**, aos efectos de realizar a **PROBA DE GALEGO**.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital**.

Mándoo e asínoo en Viveiro, 1 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0616

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS TESORERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Segunda subasta pública para la enajenación de un inmueble.

Resolución de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social de Lugo por la que se anuncia convocatoria de segunda subasta pública mediante procedimiento abierto para la enajenación de un inmueble de su propiedad en Lugo.

Por autorización del Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones de fecha 25 de noviembre de 2022, se autoriza la enajenación por subasta pública del siguiente inmueble:

URBANA: Loca comercial uno y dos, sito en calle Nicomedes Pastor Díaz 20 c/v a calle Doctor Rafael de Vega 10-18 de Lugo, con una superficie aproximada registral de 155,82 m2 y una superficie construida catastral de 270 m2. Figura inscrita en el Registro de la Propiedad nº 1 de Lugo, Finca nº 62070, Tomo 1073, Libro 634, Folio 193, Inscripción 2ª.

Referencia catastral 8235011PH1683S0020TH.

CONDICIONES URBANÍSTICAS: Las que se derivan del planeamiento urbanístico a verificar por los interesados en el Ayuntamiento.

De acuerdo con el Certificado de Eficiencia Energética de Edificios Existentes registrado el 19 de diciembre de 2018, el inmueble ha obtenido la siguiente calificación: Consumo de energía KW/m2 año: E 212 y Emisiones kg/CO2/m2 año: D 36.

El tipo de licitación es **154.913 €**, (ciento cincuenta y cuatro mil novecientos trece euros). Reducción motivada por resolución de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social (TGSS) de Lugo, de fecha 09/02/2024, autorizada por Dirección General de la TGSS, de fecha 04/01/2024, conforme al art. 15.4 del RD 1221/1992, de 9 de octubre, sobre el patrimonio de la Seguridad Social.

Garantía a constituir del 5 por ciento del tipo de licitación: 7.745,65 € (siete mil setecientos cuarenta y cinco euros con sesenta y cinco céntimos)

La presentación de ofertas en sobre cerrado, de conformidad con lo establecido en la condición 8ª del Pliego de Condiciones que rige la subasta, deberá realizarse hasta las 14:00 horas del día 2 de mayo, en la sede de esta Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social, sita en Ronda Músico Xosé Castiñeira 26-27002 Lugo, o en cualquiera de los registros previstos en la Ley 39/2015 de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

La subasta del inmueble relacionado se regirá por las cláusulas administrativas contenidas en el pliego de condiciones que se encuentra a disposición de los posibles licitadores en la Dirección Provincial de la TGSS de Lugo, y en la página web: www.seg-social.es.

El acto de subasta y la apertura de los sobres se celebrarán ante la Mesa constituida al efecto, el día 15 de mayo de 2024 a las 10.30 horas, en la sede la Dirección provincial de la TGSS, en Ronda Músico Xosé Castiñeira nº 26 de Lugo.

El inmueble podrá ser visitado previa concertación de cita en los teléfonos 982.29.33.42 /982.29.36.10 en horario de 9:00 a 13:00 horas.

Lugo, 27 de febrero de 2024.- El Director Provincial, Juan José Rodríguez Gude.

R. 0600